

Protocolo para a normalización da

SINATURA, CIENTIFÍFICA

Contido

Normalización da filiación institucional e do nome persoal nas publicacións de persoal vinculado á Universidade de Vigo	4
Obxecto	4
Persoas a quen se dirixe este protocolo	4
Fundamentos	5
Instrucións para a normalización do nome institucional	6
Nome da institución	6
Forma de recoller o nome da institución	6
Forma do nome da institución	6
Nomes dos departamentos, institutos, grupos e centros de investigación	6
Elementos da sinatura e orde destes elementos	6
Filiación múltiple	7
Recomendación para a normalización do nome persoal	9
Nome	9
Apelidos	10
Identificadores persoais	11

Normalización da filiación institucional e do nome persoal nas publicacións de persoal vinculado á Universidade de Vigo

Obxectivos

A Universidade de Vigo ten entre os seus fins, segundo recollen os seus estatutos, «crear, desenvolver, criticar e transmitir o saber mediante unha docencia e unha investigación de calidade e de excelencia». Ademais, o artigo 5 indica que a universidade «establecerá o control adecuado e a avaliación periódica das súas actividades».

As publicacións científicas e artísticas constitúen un elemento fundamental para difundir os resultados de investigación e, polo tanto, a análise do seu impacto e da visibilidade permite valorar a proxección e o alcance da investigación desenvolvida polos membros da universidade.

Este protocolo ten como obxecto acadar a normalización do nome da institución e do seu persoal nas publicacións e nas obras de arte para facilitar que todas elas sexan asignadas sen equívocos nas fontes de información e nas distintas ferramentas de avaliación da produción científica. Esta normalización favorecerá a fiabilidade dos indicadores de avaliación e mellorará a visibilidade da produción científica do persoal da universidade.

Persoas a quen se dirixe este protocolo

- Persoal académico e investigador, persoal investigador en formación e persoal de administración e servizos (fixo ou temporal) e alumnado da Universidade de Vigo nas publicacións e nas obras relacionadas co traballo desenvolvido no seo da Universidade de Vigo cando empreguen os seus recursos, instalacións e servizos.
- Persoal de fundacións, institucións de investigación, centros tecnolóxicos e outras entidades vinculadas á Universidade de Vigo existentes na actualidade ou creadas no futuro.
- Persoal doutras universidades e institucións que realice estadias na Universidade de Vigo para todas as publicacións relacionadas total ou parcialmente co traballo desenvolvido durante esa estadia.

Fundamentos

- Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación. O artigo 15 inclúe entre os deberes do persoal investigador «utilizar a denominación das entidades para as que presta servizos na realización da súa actividade científica, de acordo coa normativa interna das ditas entidades e os acordos, pactos e convenios que estas subscriban».
- Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo. O artigo 4 establece que «A denominación oficial da universidade é Universidade de Vigo».
- Normativa de grupos, agrupacións e centros de investigación da Universidade de Vigo (aprobada o 26 de xuño de 2019). O artigo 5 establece que «Todas as persoas rexistradas nun grupo de investigación ou como investigadoras ou investigadores individuais se comprometen a mencionar a Universidade de Vigo en calquera tipo de produción de investigación ou de transferencia derivada da súa actividade».
- Normativa de propiedade industrial e intelectual da Universidade de Vigo (19 de xuño de 2012). No artigo 7: «En todo caso, e salvo que a Universidade de Vigo se manifeste en sentido contrario, calquera invención ou obra en que participe o persoal da universidade e realice como consecuencia directa ou indirecta das súas funcións académicas, docentes ou de investigación, deberá facer referencia á súa vinculación coa citada institución».
- Regulamento do uso do galego na Universidade de Vigo (aprobado polo Consello de Goberno o 2 de marzo de 2015), artigo 1, punto 1.4: «O nome oficial da universidade é Universidade de Vigo, e así ha de constar. A denominación de centros, de estudos, de departamentos, de institutos e doutras figuras de investigación, así como os servizos universitarios ou administrativos, serán en galego».
- Manual de identidade corporativa da Universidade de Vigo, no apartado 2.1: «A denominación da institución é Universidade de Vigo, non estando admitida a súa tradución a outros idiomas».
- *Propuesta de manual de ayuda a los investigadores españoles para la normalización del nombre de autores e instituciones en las publicaciones científicas (versión 17/01/07)*. Documento elaborado para a FECYT polos grupos de investigación EC3 da Universidad de Granada e Análisis Cuantitativos de Ciencias y Tecnología do CINDOC-CSIC.

Instrucións para a normalización do nome institucional

Nome da institución

Forma de recoller o nome da institución

En todas as publicacións e obras en que participe algún membro da Universidade de Vigo, o nome da universidade debe aparecer na sinatura do traballo. Ademais, se a persoa asinante forma parte dunha agrupación estratéxica ou dun centro de investigación da Universidade de Vigo, debe constar o nome dese centro ou desa agrupación. Se non forma parte de ningunha agrupación estratéxica ou dun centro de investigación, pode utilizar como unidade secundaria o grupo de investigación, o departamento ou o instituto.

Forma do nome da institución

A única forma que se pode empregar é a oficial, Universidade de Vigo, en galego, sen siglas nin abreviaturas. No caso de que sexa imprescindible engadir o nome en inglés, deberá usarse a forma *University of Vigo*, que en ningún caso substituirá o nome oficial.

Nomes dos departamentos, institutos, grupos e centros de investigación

Para os nomes de centros, agrupacións estratéxicas, departamentos, institutos e grupos debe usarse a forma oficial, extensa, acrónimo ou ambas, segundo estableza cada unidade.

Elementos da sinatura e orde destes elementos

Como norma xeral, o nome da Universidade de Vigo debe constar no primeiro lugar da filiación. Se a persoa asinante forma parte dun centro de investigación ou dunha agrupación estratéxica da Universidade de Vigo, o nome dese centro ou agrupación constará en primeiro lugar e, inmediatamente a continuación, a Universidade de Vigo. Calquera referencia a outras entidades, como grupos, departamentos, campus ou institutos, deberá figurar despois.

Os distintos elementos da sinatura deben aparecer separados por coma e sempre dentro da mesma filiación. No último lugar incorporárase o enderezo postal, que incluírá o código postal, a cidade e o país. No caso de engadir o enderezo electrónico debe usarse o **correo institucional** proporcionado pola Universidade de Vigo.

Filiación múltiple

No caso de que unha persoa estea vinculada a máis dunha institución é recomendable que inclúa nos seus traballos a dobre filiación e sempre debe constar en primeiro lugar a Universidade de Vigo e os seus institutos, centros, departamentos e grupos tal como establece este protocolo. Se a outra institución á que pertence é un centro mixto ou alleo á Universidade de Vigo, a dobre filiación debe incluírse por separado.

O persoal investigador da Universidade de Vigo, mentres realice estadias noutras institucións, debe empregar sempre a dobre filiación en todas as súas publicacións, por separado: a Universidade de Vigo e a institución en que se atope realizando a estadia.

Do mesmo xeito, o persoal doutras institucións temporalmente na Universidade de Vigo deberá incluír a Universidade de Vigo na súa filiación, tal como se establece neste protocolo, en todas as publicacións relacionadas total ou parcialmente co traballo desenvolvido durante a estadia.

Exemplos:

Nome

CINBIO, Universidade de Vigo, 36310 Vigo, España

Nome

atlanTTic, Universidade de Vigo, Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, 36310 Vigo, España

Nome

Centro de Investigación Mariña, Universidade de Vigo, Geoma, 36310 Vigo, España

Nome

CINTECX, Universidade de Vigo, Encomat, 36310 Vigo, España

Nome

CINTECX, Universidade de Vigo, Grupo de Novos Materiais, Departamento de Física Aplicada, 36310 Vigo, España

Nome

Universidade de Vigo, Escola de Enxeñaría Forestal, 36005 Pontevedra, España

Nome

Universidade de Vigo, Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEAAT), Facultade de Historia, 32004 Ourense, España

Nome^{ab}

^aUniversidade de Vigo, Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacions, 36310 Vigo, España

^bGradient, edificio Citexvi, 36310 Vigo, España

Nome^{ab}

^aCINBIO, Universidade de Vigo, 36310 Vigo, España

^bInstituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur, Hospital Álvaro Cunqueiro, 36213 Vigo, España

Recomendación para a normalización do nome persoal

O emprego dunha única forma de sinatura persoal en todas as obras e as publicacións facilita que todas elas sexan asignadas á mesma persoa tanto nas bases de datos coma nas ferramentas de avaliación da produción científica. É importante, polo tanto, que cada persoa escolla unha única forma para a súa sinatura e que esta perdure no tempo.

Cómpre tamén que o persoal da Universidade de Vigo conte cun número ORCID que identifique todas as súas publicacións.

Nome

Cando se trata dun nome simple recoméndase empregar o nome extenso, non a abreviatura. No caso dun nome composto, para evitar que se confunda o segundo nome co apelido, a mellor opción é reducir este segundo nome á súa inicial. Outras opcións son unir todas as partes do nome con guións ou suprimir unha das partes do nome.

Exemplos:

Ana

Ana B.

Ana-Beatriz

Carme

María C.

María-do-Carme

María-Carme



Apelidos

Dado que en moitos ámbitos lingüísticos só se utiliza un apelido, o feito de empregar os dous apelidos na sinatura adoita dar lugar a confusións nas bases de datos e nas editoriais, que habitualmente entenden como apelido só o último. Por iso recoméndase empregar os dous apelidos unidos por guión ou un único apelido se este é pouco común e xunto co nome identifica sen dúbida a persoa que asina.

Do mesmo xeito, no caso de que o apelido conteña preposicións, o máis recomendable é eliminalas, pero no caso de que queiramos que se manteñan, debemos unilas con guión aos apelidos.

Tanto nos nomes coma nos apelidos débense manter os acentos gráficos e non usar nunca abreviaturas.



Exemplos:

Nome e apelidos	Forma recomendada	Outras formas
Ana Isabel Fernández Conde	Ana I. Fernández-Conde	Ana-Isabel Fernández-Conde Ana Fernández-Conde Isabel Fernández-Conde
María do Mar do Porto Ferreira	Mar Porto-Ferreira	María M. Porto-Ferreira María M. Do-Porto-Ferreira María-do-MarDo-Porto-Ferreira María-do-Mar Porto-Ferreira Mar Do-Porto-Ferreira
Luís de Agustín García	Luís Agustín-García	Luís De-Agustín Luís De-Agustín-García Luís Agustín
Xoán Xosé López da Cruz	Xoán X. López-Cruz	Xoán X. López-da-Cruz Xoán-Xosé López-da-Cruz Xoán-Xosé López-Cruz

Identificadores persoais

Existen identificadores persoais que permiten agrupar todas as publicacións da mesma autoría, mesmo cando o nome persoal aparece nas formas distintas.

ORCID (Open Researcher and Contribution ID) é unha organización internacional sen ánimo de lucro que proporciona un identificador dixital único e persistente e vincúlao a un perfil persoal que permite agrupar todas as publicacións. Neste momento é o identificador máis empregado, e esixido por moitas editoriais científicas. É o identificador que cómpre utilizar para que a base de datos de produción científica da Universidade de Vigo se poida actualizar correctamente.

Outros identificadores persoais son:

- Scopus e Web of Science proporcionan rexistros de autor/a baixo un identificador único (Scopus Author ID e ResearcherID), que aglutinan todas as publicacións malia que orixinalmente fosen asinadas de xeitos diferentes.
- Google Scholar ofrece a posibilidade de crear un perfil de autor/a público que recolle todas as publicacións independentemente de como tiñan sido asinadas.

A Biblioteca Universitaria de Vigo ofrece un servizo de asesoramento para a creación e actualización de perfís de autor/a. Contacto:

Sección de Soporte á Aprendizaxe e á Investigación

- **Campus de Vigo**
referencia@uvigo.gal
Tfno.: 986 813 843
- **Campus de Pontevedra:**
refbcp@uvigo.gal
Tfno.: 986 802 001
- **Campus de Ourense**
saibco@uvigo.gal
Tfno.: 988 387 230

